



Estrada de Portugal, 27  
32870 - Lobios - Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO” NO MARCO DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL PARA O EMPREGO**

### **I.-OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER**

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regula-la contratación e execución da obra “CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO ”no marco do *Fondo estatal de inversión local para o emprego*, de conformidade coas determinacións que se especifican no anexo a este prego. A xustificación da necesidade desta actuación é a reflectida na memoria do proxecto de execución CNAE: 42.99.1  
CPV: 45241500-3

### **II.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

A obra contratarase mediante procedemento negociado con publicidade (artigos 153, 155.d e 160 a 162 da LCSP) e en trámite urxente (artigo 96 da LCSP), xustificándose dita urxencia por aplicación do disposto no artigo 9 do Real Decreto-Ley 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea dito fondo.

### **III.- NATURALEZA**

Este contrato cualifícase como contrato administrativo de obras, de conformidade co disposto nos artigos 5, 6 e 19.1.a da LCSP.

### **IV.- FINANZAMENTO**

O proxecto se financia con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Ley 9/2008 do 28 de Novembro. A inclusión desta Obra no Fondo foi aprobada con data 21 de xaneiro de 2009 polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial ( Art. 5.4 do Real Decreto-Ley 9/2008)

### **V.- TIPO DE LICITACIÓN.**

O tipo de licitación, en aplicación do disposto no artigo 75 da LCSP, integrado pola suma dos importes do valor estimado da actuación (353.463,34 €, resultante de aplicar ó orzamento de execución material, as porcentaxes correspondentes en concepto de gastos xerais e beneficio industrial), e do IVE aplicable (56.554,13 €), importa un total de 410.017,47 € .

### **VI.- PRAZOS E PENALIDADES.**

O prazo de execución da obra é de seis meses. O director técnico da obra poderá fixar prazos parciais de execución no programa de traballo.

Se o adxudicatario incorrese en mora na execución da obra contratada, incluídos os prazos parciais establecidos, o concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades por demora previstas na lexislación vixente, de conformidade co disposto nos artigos 196 e 197 da LCSP.

A resolución do contrato acordarase, no seu caso, de conformidade co disposto nos artigos 195 e 206.e da LCSP, determinando a obriga do contratista de indemnizar os danos e prexuízos causados á Administración, de conformidade co disposto no artigo 208.4 da LCSP, indemnización que farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía definitiva constituída, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista respecto do importe que



## CONCELLO DE LOBIOS

exceda da garantía incautada.

Se o concello optase pola imposición de penalidades por demora e sen prexuízo da efectividade de estas mediante dedución nas certificacións de obra ou documentos de pago correspondentes ou sobre a garantía constituída, o contratista deberá indemnizar os danos e prexuízos irrogados á Administración como consecuencia do atraso culpable, debendo acordar a Administración a ampliación do prazo de execución das obras, na medida que se estime necesaria para a terminación do contrato, todo elo de conformidade co disposto nos artigos 98 e 99 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001, do 12 de outubro (en diante RGLCAP).

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e se este se comprometese a executar a obra con prórroga de prazo, deberá ser acordada esta prórroga pola Administración, nos termos do artigo 197.2 da LCSP.

### VII.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe garantía provisional, tendo en conta o seu carácter potestativo ó abeiro do disposto no artigo 91.1 da LCSP.

### VIII.- GARANTÍA DEFINITIVA

O importe da garantía definitiva a constituír polo adxudicatario provisional, en calquera das modalidades previstas no artigo 84.1 da LCSP, será do 5% do prezo da adxudicación (IVE excluído).

En todo caso, axustarase ó disposto nos artigos 55 e seguintes do RGLCAP, así como ós modelos que figuran nos anexos do expresado regulamento.

Dita garantía constituirase no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>), de conformidade co disposto nos artigos 87.1 e 135.4 da LCSP e concordantes do Real Decreto-Ley 9/2008, procedéndose, en caso de demora imputable ó contratista, a declara-lo decaído no seu dereito e a aplicación do disposto no 135.5 da LCSP.

### IX.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica ou profesional, non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 49 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constituíe o obxecto deste contrato (artigo 43.1 e 2 da LCSP).

### X.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As proposicións serán secretas e presentaranse en dous sobres cerrados ou libros separados e firmados polos licitadores ou persoa que os represente:

**SOBRE NÚM. 1.** Levará a mención "Documentación administrativa do procedemento negociado para a contratación da obra **"CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO"** presentada por.....» coa firma do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numericamente.

O sobre deberá conte-la seguinte documentación, consonte co disposto no artigo 130 da



## CONCELLO DE LOBIOS

### LCSP:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario, mediante NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Os que acudan á licitación na representación doutro, así como nos casos nos que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán achegar tamén escritura de poder para o efecto, validada polo secretario do Concello e acredita-la súa personalidade mediante o NIF.

2. Xustificación da solvencia económico-financieira e técnica, mediante a presentación do certificado de clasificación correspondente ó Grupo F Subgrupo 7 e categoría d.

3. Xustificación de non atoparse o licitador, incurso en ningunha das prohibicións de contratar co sector público do artigo 49 da LCSP, con expresa mención de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, presentada con arranxo ó disposto no artigo 62 da LCSP .

4. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orden, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen derivarse deste contrato, con renuncia ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

Toda a documentación achegárase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

A documentación enumerada nos apartados 1 a 3, ambos inclusive, desta cláusula, poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Ministerio de Economía e Facenda ou dos rexistros análogos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Excm. Deputación provincial de Ourense, acompañando dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non teñen experimentado variación algunha. Tal declaración deberá reiterarse polo adxudicatario, no documento de formalización do contrato.

**SOBRE NÚM. 2.** coa oferta ou plica, consonte co seguinte modelo: don/a ..., con domicilio en ..., NIF núm. ..., no nome propio (ou na representación de ..., segundo acredita con ...), informado/a do expediente e condicións para contrata-la obra **“CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO ”** -, comprométese á súa execución nas seguintes condicións

- Número de traballadores para a execución desta actuación: no número de persoas a ocupar distinguirase entre persoal xa contratado e persoal a contratar. En ámbolos dous grupos indícarase o número de persoas, categoría laboral, período de tempo ocupado na execución do contrato de cada persoa, expresado en número de días de duración do respectivo contrato de traballo dentro do prazo de execución da oferta, con indicación do tipo de xornada de traballo (a tempo completo ou a tempo parcial).

- Melloras ofertadas respecto do proxecto aprobado, achegando memoria valorada xustificativa delas

- Prazo de garantía.

. Lugar, data e sinatura.

Figurará nel a seguinte inscrición: "Proposición económica para participar no procedemento negociado para a contratación da obra **“CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO ”**". Indicará, así mesmo, a empresa licitadora.



## CONCELLO DE LOBIOS

Os sobres presentaranse pechados no rexistro xeral do concello e poderán estar lacrados ou precintados. Poderán igualmente enviarse por correo nas condicións previstas no artigo 80.4 do RGLCAP.

A presentación das proposicións determina a aceptación incondicional polos empresarios do contido da totalidade das cláusulas deste prego, sen ningunha excepción, conforme ó artigo 129.1 da LCSP.

Este prego de cláusulas administrativas particulares forma parte do expediente de contratación que comprende ademais:

- O proxecto técnico ou memoria valorada debidamente aprobado, no que se inclúen as condicións técnicas, os cadros de prezos e demais documentación prevista no artigo 107 da LCSP
- A autorización do gasto.
- O xustificante de dispoñibilidade do crédito, debidamente intervido.
- O replanteo do proxecto para comproba-la realidade xeométrica das obras e a dispoñibilidade dos terreos e dos bens afectados para a súa normal execución, consonte co disposto no artigo 110 da LCSP.

O expediente será aprobado polo órgano de contratación competente e comprenderá tamén a aprobación do gasto, conforme ó artigo 94.1 da LCSP, previamente á apertura do procedemento de licitación e adxudicación.

Revisten carácter contractual tódolos documentos do proxecto e este prego de cláusulas administrativas particulares. Nos casos de discrepancia entre ambos documentos rexerá o previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

### XI.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada, de conformidade co disposto no apartado 10 da D.A. 2ª da LCSP, do seguinte xeito:

- Presidente: o da Corporación ou membro ou funcionario desta en quen delegue.
- Vogais: a Secretaria-Interventora, os Concelleiros Manuel Paz León e Antonio Estévez González .
- Secretario: un funcionario da corporación.

### XII.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SOLICITUDES DE INFORMACIÓN

A presentación da documentación realizarase no rexistro xeral do Concello en días e horas de oficina, ata as 14 horas do oitavo (8º) día natural seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>). Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado o devandito prazo ó primeiro día hábil seguinte. A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RGLCAP

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos dous primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada con alomenos seis días de antelación ó remate do prazo de presentación de ofertas (artigo 92.1 do RGLCAP, en relación co artigo 142.2 da LCSP)

### XIII.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RGLCAP, nos termos seguintes:



Estrada de Portugal, 27  
32870 - Lobios - Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

O día seguinte hábil (agás sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, ou presentadas tódalas ofertas dos licitadores invitados a participar, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre num. 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que subsanar, a apertura do sobre número 2, efectuarase no mesmo día, ás 12,00 horas, na sala de comisións do concello.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarlle verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre num. 2, o día hábil posterior (agás sábados) ó do vencemento do prazo de subsanacións, ás 12,00 horas, no salón de Pleno do concello.

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicará ós licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

### XIV.-ASPECTOS A VALORAR E ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Os efectos da adxudicación deste contrato, teranse en conta os criterios que seguidamente relacionanse, por orden decrecente de importancia, coa ponderación que indícase para cada un deles:

1.- Volume da man de obra a contratar que se utilizará na execución do contrato. Ata 40 puntos.

No número de persoas a ocupar distinguirase entre persoal xa contratado e persoal a contratar. En ámbolos dous grupos indícase o número de persoas, categoría laboral, período de tempo ocupado na execución do contrato de cada persoa, expresado en número de días de duración do respectivo contrato de traballo dentro do prazo de execución da oferta, con indicación do tipo de xornada de traballo (a tempo completo ou a tempo parcial).

O persoal a contratar deberá coincidir cos postos de traballo creados a que se refire o artigo 6. 4 a) 1) da Resolución de 9 de decembro de 2008 do Secretario de Estado de Cooperación Territorial.

Os indicadores do volume da man de obra a utilizar na execución do contrato son os seguintes:

-. Persoal a contratar: número de traballadores (N) en situación legal de desemprego que será obxecto dun novo contrato e tempo (T) de cada contrato expresado en número de días de duración do mesmo, segundo a expresión:

$(NixTi)$  = Suma do produto de multiplicar cada traballador en situación legal de desemprego que é obxecto de novo contrato polo tempo de duración do mesmo.

-. Persoal contratado: número de traballadores xa contratados (n) que se destinarán á execución da obra e tempo de cada contrato (T) expresado en número de días de duración do mesmo, segundo a expresión:

$(nixTi)$  = Suma do produto de multiplicar cada traballador xa contratado que se destina á obra e o tempo de cada contrato expresado en número de días de duración do mesmo.

-. Total oferta man de obra = Total días da oferta: Total persoal a contratar e persoal xa contratado expresado en número de días de duración dos respectivos contratos de traballo, segundo a expresión:  $(NixTi) + (nixTi)$ .

No suposto que os contratos de traballo non fosen a xornada completa, calcularanse o número de días de duración dos mesmos aplicando regras de proporcionalidade matemática.



## CONCELLO DE LOBIOS

Ós efectos do cálculo da valoración a outorgar a este aspecto de negociación, ponderarase o dobre o persoal a contratar en situación legal de desemprego.

2.- Variantes ou melloras na calidade e/ou na cantidade global das obras proxectadas ou dalgunha das súas unidades, que redunden nunha maior calidade constructiva: Ata 30 puntos  
Para a consideración e valoración das melloras ofertadas deberá achegarse polos licitadores a correspondente memoria valorada delas.

3.- Ampliación do prazo de garantía das obras: Ata 10 puntos. a razón de 2,5 puntos por ano completo de incremento de dito prazo respecto do prazo mínimo establecido neste prego (un ano)

### XV.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para a adxudicación provisional do contrato, nun prazo máximo de 20 días naturais contados desde o remate do prazo de presentación de proposicións.

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente, en atención ós criterios de adxudicación e formulará adxudicación provisional do contrato a favor do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para o concello, sen que poida declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 135.1 da LCSP).

Non obstante o anterior e antes da adxudicación provisional, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 139 da LCSP.

A adxudicación provisional será notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>), podendo solicitar os licitadores a información prevista no artigo 137 da LCSP (artigo 135.3 da LCSP).

### XVI.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación provisional elevarase a definitiva no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación do acordo de adxudicación provisional no perfil do contratante e en dito prazo, o licitador que resulte adxudicatario provisional deberá achegar, á secretaría do concello, a seguinte documentación (artigo 135.4 da LCSP):

1. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

2. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.

3. Xustificante de estar dado de alta e o corrente de pago no Imposto de Actividades Económicas (IAE). Xustificarse co recibo de pagamento do imposto no exercicio correspondente acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou coa alta en facenda no período correspondente ou ben con certificado da Facenda expedido para o efecto.

4.- Tres exemplares do plano de seguridade e saúde, informado polo coordinador de seguridade e saúde, e tramitado ante o organismo competente.

5.- Nomeamento de responsable de seguridade e saúde, representante da empresa.

6.- Comunicación na que exprese se concorren ou non algunhas das circunstancias do artigo 3.2 do RD 1627/1997, do 24 de outubro. Unha copia deste documento deberá serlle entregada á



Estrada de Portugal, 27  
32870 - Lobios - Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

dirección técnica.

7.- Copia da póliza de seguro de Responsabilidade Civil para responder obxectivamente fronte a terceiros ou fronte ó Concello dos posibles danos e prexuízos que poidan producirse como consecuencia da execución deste contrato, con vixencia ata o momento da recepción da mesma e xustificante do seu pagamento actualizado.

8.- Xustificante de constitución da garantía definitiva. A devolución da garantía definitiva terá lugar cando venza o período de garantía e unha vez cumprido satisfactoriamente o contrato o ata que se declare a súa resolución sen culpa do contratista.

Cando non proceda a adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, estarase ó disposto no artigo 135.5 da LCSP.

En cumprimento do disposto no artigo 137 da LCSP, a adxudicación definitiva será notificada ós licitadores é publicada no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>), podendo solicitar os licitadores a información prevista en dito precepto. Procederá así mesmo a publicación no BOP de Ourense cando o importe do contrato sexa igual ou superior a 100.000,00 €.

O contrato formalizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes ó da recepción da notificación da adxudicación definitiva con arranxo ó disposto no artigo 140 da LCSP e 71 do RGLCAP O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. De non formalizarse o contrato por causa imputable ó contratista ou ó Concello, estarase ó disposto no apartado 3 do artigo 140 da LCSP.

### XVII.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

A comprobación do replanteo efectuarase no prazo máximo de 15 días hábiles contados desde a recepción da notificación da adxudicación definitiva, estendéndose a acta correspondente da que entregaranse tres exemplares na secretaría do concello (artigo 212 da LCSP e 139 e seguintes do RGLCAP)

### XVIII.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, DIRECCIÓN DE OBRA, RESPONSABLE DO CONTRATO, CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN E SUBCONTRATACIÓN

O contrato executarase con estricte suxeición ó disposto neste prego e no proxecto que serve de base ó contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste, lle sexan dadas ó contratista pola dirección facultativa da obra (artigo 213 da LCSP).

Establécese como condición especial de execución do contrato, ó abeiro do disposto no artigo 102 da LCSP, co carácter de obrigación contractual esencial, ós efectos do disposto no artigo 206.g) de dito texto legal a obrigación do adxudicatario de contratar para a execución da actuación obxecto deste contrato, alomenos a un traballador en situación legal de desemprego e de xustificar documentalmente esta circunstancia, perante os servizos municipais, como condición previa a autorización do comezo de execución da obra.

Esta condición, enténdese sen perxuízo da facultade dos licitadores de ofertar a contratación dun número superior de traballadores en situación legal de desemprego, circunstancia ésta que será obxecto de valoración, como criterio de adxudicación do contrato, segundo a ponderación reflectida na cláusula XIV deste prego.

Faise constar expresamente que para confeccion da memoria de actuación certificada pola secretaría do concello de conformidade co previsto no art. 6. a). 1 da resolución do 9 de decembro de 2008 a responsable da empresa debere presentar un certificado onde se faga constar: os postos de traballo creados na execución desta obra con identificación do nome apelidos e nº de d.n.i. ou nº de identificación de extranxeiro dos novos traballadores contratados, así como a moladade e o período de vixencia dos seus contratos

O concello encomendará a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde desta



## CONCELLO DE LOBIOS

actuación os facultativos competentes designados con tal fin, sendo por conta do concello o aboamento dos honorarios correspondentes.

Sen perxuízo do anterior e de conformidade co disposto no artigo 41 da LCSP, o concello poderá nomear, de entre os seus funcionarios, un responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución do contrato de obra e da súa dirección técnica. As instrucións dictadas en interpretación do contrato por dito responsable, serán vinculantes tanto para o contratista adxudicatario das obras coma para o director facultativo delas.

A maquinaria utilizada polo adxudicatario na execución da obra deberá estar en posesión do certificado de posta en conformidade, expedido polo organismo competente, en cumprimento do disposto no RD 1.215/1997, do 18 de xullo, configurándose esta obrigaçión como condición especial de execución do contrato con natureza de obrigaçión contractual esencial, ós efectos do disposto nos artigos 102 e 206 g. da LCSP. Os directores técnicos e o servizo de seguridade e saúde, poderán existir do adxudicatario a exhibición de ditos certificados durante todo o prazo de execución da obra.

O adxudicatario poderá subcontratar a execución parcial da prestación que constitúe o obxecto deste contrato, ata o importe máximo do 60% do prezo de adxudicación e con suxeición ó disposto no artigo 210 da LCSP.

### XIX.-PAGAMENTOS E REVISIÓN DE PREZOS

Os pagamentos realizaranse contra certificacións de obra expedidas con periodicidade mensual en función da obra efectivamente executada en dito período, con suxeición ó disposto nos artigos 200.4 e 215.1 da LCSP e concordantes do RGLCAP, debendo o concello efectuar os abonos correspondentes dentro do prazo fixado no apartado 5 do artigo 9 do Real Decreto-Ley 9/2008.

Non se admite a revisión de prezos deste contrato, Xa que non resulta procedente con arranxo ó disposto no artigo 77 da LCSP.

### XX.- INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son facultades do órgano de contratación a interpretación, modificación, suspensión e resolución do contrato, de conformidade cos artigos 194 e 195, 202 e 203, 206 a 208, 217 e 220 a 222 da LCSP e concordantes do RGLCAP. Cando resulte necesaria calquera modificación, os directores técnicos formularanlle a oportuna proposta ó órgano de contratación.

### XXI.- RECEPCIÓN DA OBRA, LIQUIDACIÓN, PRAZO DE GARANTÍA E PENALIDADES POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA

Rematada a obra procederase a verificar a correcta execución da actuación con presenza do director facultativo da obra, do contratista e dun técnico designado polo Concello, que actuará en representación deste, estendéndose a correspondente acta.

No suposto de que a obra estivese executada correctamente, estenderase acta positiva tendo por recibida a obra, comezando a computarse desde a data de levantamento de dita acta o prazo de garantía, que será de un ano. Así mesmo, no prazo de tres meses seguintes á recepción da obra, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

Se a obra non se atopase en estado de ser recibida, deixarase constancia na acta dos defectos advertidos e das instrucións dictadas e do prazo concedido para a subsanación daqueles. Transcorrido dito prazo, se persisten as deficiencias, poderá optar o Concello entre a resolución do contrato ou a concesión dun novo prazo de subsanación con aplicación dunha penalidade por importe do 3% do prezo de adxudicación do contrato IVE excluído. Todo elo ó abeiro do disposto nos artigos 205 e 218 en relación co artigo 196.1 da LCSP.



CONCELLO DE LOBIOS

**XXII.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:**

O adxudicatario queda obrigado a:

- Cumprilo contrato de conformidade co establecido no presente Prego, no Proxecto Técnico e coas instrucións dadas polo Director facultativo das obras.
- Executa-lo contrato o seu risco e ventura, sen prexuízo do sinalado no artigo 214 da LCSP.
- Cumprilas disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no Traballo, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade se o contratista incumprise estas obrigas. Estará obrigado a realizar unha declaración expresa neste senso. O persoal que o empresario destine á execución do contrato non terá vinculación laboral ou de ningún tipo co Concello, debendo ser contratados, no réxime ou modalidade que legalmente corresponda, polo adxudicatario, sen que poida vincular de ningún xeito tal contratación a este Concello.
- Adoptar, en todo momento, as medidas de seguridade precisas para garantir que a execución das obras non ocasione danos ou prexuízos a persoas ou bens.
- Instalar a súa costa os carteis anunciadores das obras, así como os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus límites e inmediacións, de conformidade co disposto no Código de Circulación e na normativa de prevención de riscos laborais. As obras estarán convenientemente sinalizadas e protexidas para reducir na medida do posible os danos e accidentes. Darase conta ó director da obra, de forma periódica, das medidas de seguridade, protección e sinalización adoptadas neste senso.
- Indemnizar tódolos danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á Administración como consecuencia das operacións que requiren a execución da obra, nos termos previstos na lexislación vixente. Esta responsabilidade estará garantida mediante o correspondente seguro de Responsabilidade Civil coa cobertura que sexa procedente en función do grado de risco previsible. No obstante, a cobertura de dita póliza non determina o límite da responsabilidade que debe asumir-lo contratista, senón que esta alcanza a tódolos danos e prexuízos nos que se cifre a devandita responsabilidade.
- Obter tódalas autorizacións, permisos e licencias que se requiran para a realización da obra.
- Presenta-lo Plan de Seguridade e Saúde no Traballo nos termos previstos na Cláusula XVI do presente Prego.
- Mantemento da obra e asistencia técnica desde a recepción ata a finalización do período de garantía
- A gardar silencio respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, están relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo
- O contratista está obrigado ó pago dos gastos seguintes:
  - Os anuncios derivados da licitación, así como os de formalización do contrato en escritura pública se é solicitada polo contratista.
  - Os anuncios de publicidade no caso de que proceda o corte de tráfico ou outras actuacións sobre as vías públicas.
  - As indemnizacións por ocupacións temporais que realice para executa-la obra.
  - Os permisos e tributos que procedan como consecuencia das obras.
  - Os gastos de auga, enerxía eléctrica ou teléfono que lle ocasione a execución da obra, así como calquera tramitación para a correcta execución do proxecto necesaria para entrega-la obra ó seu uso previo á recepción.

Os gastos derivados da aplicación á obra en cuestión da Lei 38/1999, de 5 de



Estrada de Portugal, 27  
32870 - Lobios - Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

### CONCELLO DE LOBIOS

novembro, de Ordenación da Edificación, no que puidese ser de aplicación a obra obxecto deste contrato.

Tódolos gastos anteriormente sinalados enténdense comprendidos no prezo de adxudicación. Así mesmo, o concello poderá realizar, con cargo ó adxudicatario, ensaios e análises dos materiais e das unidades de obra executadas, ata o límite máximo do 1% do gasto total autorizado, ó abeiro do disposto no artigo 145 do RGLCAP.

#### XXIII.- CÓMPUTO DE PRAZOS

Conforme co disposto na D.A. 15ª da LCSP tódolos prazos que se sinalen en días enténdense naturais, a non ser que expresamente se faga constar que se tratan de días hábiles.

#### XXIV.- CARTEIS INDICADORES

Na obra instalaranse os carteis indicadores que sinalen os servizos técnicos do concello, con suxeición ó disposto no artigo octavo da Resolución de 13 de xaneiro de 2009, xustificándose esta obriga na forma na que indiquen os devanditos servizos. E será obriga do contratista o encargo, pago e colocación deste cartel. Os devanditos carteis serán retirados polo contratista unha vez recibida formalmente a obra pola administración.

#### XXV.- NORMATIVA APLICABLE E FORO XURISDICCIONAL

En todo o non previsto neste prego, rexerá, en canto a preparación, adxudicación efectos e extinción do contrato, o disposto na LCSP e nas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 da LCSP).

Este contrato se rexera tamen polo Real Decreto-Lei\_9/2008 do 28 de Novembro, que regula Fondo Estatal de Inversión Local

As controversias que puidesen xurdir entre as partes no ámbito deste contrato, substanciaranse, de ser o caso, perante a xurisdicción contencioso-administrativa (artigo 21.1 da LCSP).

#### XXVI.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O expediente de contratación, no que intégrase o presente prego, foi aprobado polo Pleno na sesión do día 20-02-08 e queda depositado na secretaría para que, durante o prazo de presentación de documentación e proposicións, os licitadores e demais interesados, poidan examinalo e formular, no seu caso, as observacións e reclamacións que estimen oportunas. A presentación de reclamacións non producirá, per se, efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

<b>Obra</b>	<b>Orzamento</b>	<b>Prazo de execución</b>	<b>Clasificación esixida</b>
<b>“CONSTRUCCIÓN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO ”</b>	<b>DUN 410.017,47 €</b>	<b>seis meses</b>	<b>F-7-d</b>

Lobios, a 16 de febreiro de 2009.  
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo. D. José Lamela Bautista